

INFORME DE CALIDADE DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA USC

Curso 2020/21

O obxecto deste primeiro informe é analizar e avaliar a calidade dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela de acordo co Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela do 8 de setembro do 2020 durante o curso 2020/2021.

Este curso académico 2020/21 estivo marcado pola recuperación paulatina da normalidade académica en relación coa incidencia da pandemia da COVID-19. Importantes actividades colectivas, como as Xornadas de Benvida, puidéronse xa celebrar de xeito presencial pero outras actividades clave da EDIUS, como as defensas de teses de doutoramento, a formación transversal ou as estadias de investigación aínda están recuperando pouco a pouco o formato presencial. Cabe sinalar, con todo, que moitos procedementos online postos en marcha no curso anterior para facer viable o funcionamento da EDIUS e dos diferentes procesos académicos e administrativos de doutoramento durante a pandemia mantéñense na actualidade, dispoñendo agora a Escola de Doutoramento e os diferentes colectivos que a integran dunha maior variedade de ferramentas para levar a cabo as súas funcións e actividades académicas.

Este informe estrutúrase, para comezar, nun primeiro capítulo onde se presentan e avalían os datos sobre a actividade académica da EDIUS tales como oferta de prazas de doutoramento, persoas doutorandas matriculadas, etc. (punto 1.1). O segundo punto do capítulo (punto 1.2) dedícase á avaliación da oferta de actividades formativas ofrecidas aos estudantes de doutoramento no curso 2020/2021. O seguinte punto (punto 1.3) dedícase a aspectos de mobilidade e internacionalización. No punto 1.4 recómpilase información e avalíase ao persoal académico dos programas de doutoramento. No punto 1.5 preséntanse os resultados da formación (teses defendidas, idioma de tese, duración dos estudos, etc.). Para rematar co capítulo 1, no punto 1.6 preséntanse os resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese (estudiantado, profesorado, e persoal de administración e servizos).

O capítulo 2 dedícase á parte de xestión da calidade, incluíndo as valoracións e recomendacións dirixidas ás comisións académicas dos programas de doutoramento por parte da ACSUG. No capítulo 3 preséntase a proposta de accións de mellora e recomendacións para mellorar a calidade dos estudos de doutoramento da USC.

Finalmente, nos capítulos 4 e 5 inclúense información sobre fontes de información utilizadas e datos de aprobación do informe.

1. Análise dos indicadores globais da calidade dos estudos de doutoramento no seu conxunto e por ramas de coñecemento¹

Os datos globais dos indicadores no curso 2020/21 de oferta e demanda de prazas, estudantes matriculados de novo ingreso e outros indicadores relativos á admisión preséntase a continuación nas Táboas 1 e 2. Os datos dos indicadores están dispoñibles por programa de doutoramento no sitio web da EDIUS e no sitio web da Área de Calidade e Mellora de Procedementos nas seguintes ligazóns:

¹ As definicións dos indicadores están dispoñibles no anexo I ao final deste informe.

1.1. Análise dos procesos de acceso, admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da USC

Neste curso 2020/21 ofertáronse un total de 54 programas de doutoramento, agrupados en 5 ramas de coñecemento: Artes e Humanidades (11), Ciencias Sociais e Xurídicas (12), Ciencias da Saúde (13), Enxeñaría e Arquitectura (7) e Ciencias (11), cunha oferta de 842 prazas para alumnado de novo ingreso. A información sobre cada un dos 54 programas de doutoramento proporciónase na páxina [web oficial de titulacións da USC](https://www.usc.gal/gl/estudios/doutoramentos) [https://www.usc.gal/gl/estudios/doutoramentos]. A oferta e demanda por ramas de coñecemento deste curso académico 2020/21 preséntase na Táboa 1 e a súa evolución nos últimos cinco anos pode verse na Figura 1.

Táboa 1. Oferta e demanda de prazas de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2020/21

Oferta e demanda no curso 2020/21						
Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Enxeñaría e Arquitectura	Ciencias
Prazas ofertadas (ID-01)	842	148	179	228	97	190
Demanda (ID-02)	938	152	357	210	67	151

Neste curso académico 2020/2021, como se observa na Figura 1, incrementouse lixeiramente a oferta global de prazas de doutoramento nun 2,3 % con respecto ao curso 2019/2020. Comezou a impartirse o novo programa de doutoramento en Turismo, unha vez cumpridos todos os trámites de verificación, aprobación e autorización deste. Este Programa ven cubrir a crecente demanda de especialistas neste ámbito de coñecemento, e con el complementábase o itinerario formativo, que contaba xa co Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas (área de Ciencias Sociais e Xurídicas).




Figura 1. Oferta (esquerda) e demanda (dereita) de prazas por gran área

En canto á demanda para a realización dos estudos de doutoramento incrementouse nun 5,9 % con respecto ao curso pasado, sendo esta superior á oferta nun 11,3%, Figura 1. Se nos centramos na análise da oferta e a demanda por ramas de coñecemento inferimos que a demanda é superior á oferta nun 2,7 % en Artes e Humanidades e nun 99,4 % en Ciencias Sociais e Xurídicas, respectivamente, polo que existe

un gran exceso de demanda nesta última gran área de coñecemento. Doutra banda, a demanda é inferior á oferta nun 7,9 % en Ciencias da Saúde, nun 30,9 % en Enxeñaría e Arquitectura e nun 20,5 % en Ciencias, respectivamente; nestas últimas dúas ramas pode considerarse un pequeno exceso na oferta, considerando adecuada a oferta na rama de Ciencias da Saúde e en Artes e Humanidades.

Na Táboa 2 preséntase información da matrícula de novo ingreso neste curso académico 2020/21. A evolución nos últimos cinco cursos académicos de matrícula de novo ingreso comparada coa oferta e a demanda de prazas pode verse na Figura 2. En todos estes anos, a matrícula de novo ingreso foi inferior á demanda en todas as ramas, cunha pequena diminución do 6,3 % matriculados totais de novo ingreso con respecto ao curso pasado. Matriculáronse 497 estudantes das 938 demandas e das 842 prazas ofertadas, isto é, o 57,3 % dos que demandaron ser admitidos nun programa matriculáronse, cubríndose un 63,8 % das prazas ofertadas. Todas as ramas experimentaron unha pequena diminución no número de matrículas de novo ingreso con respecto ao curso anterior destacando a área de Ciencias da Saúde cun descenso do 15 % e a de Artes e Humanidades cun descenso do 12 %. Este curso académico experimentouse un pequeno descenso no número de novos estudantes matriculados nos programas de doutoramento. Será necesario observar se esta tendencia segue á baixa nos seguintes anos e, nese caso, propor accións de mellora. Un dos motivos poder ser a incidencia da pandemia da COVID-19.

Táboa 2. Estudantes de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2020/21

Estudantes de novo ingreso curso 2020/21						
Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Matrícula de novo ingreso (ID-03)	497	91	130	135	96	45
Matrícula de novo ingreso de estudantes por xénero	H	46	72	54	66	29
	M	45	58	81	30	16
Matrícula novos visitantes	40	2	14	11	6	7
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de Máster (ID-07)	50,3	54,9	32,3	59,3	57,3	51,1
Porcentaxe de estudantes novos estranxeiros sobre os novos matriculados (ID-08)	30,8	22,0	44,6	23,0	32,3	28,9
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiriron complementos formativos (ID-13)	10,4	4,5	24,0	2,4	28,9	0,0

A evolución da oferta, demanda e a matrícula de novos estudantes nos últimos catro anos preséntase na Figura 2. Como xa se comentou previamente, obsérvase unha tendencia en ascenso da demanda desde o curso 2018/19, máis acusada neste último curso. En canto á evolución da matrícula e a oferta de prazas vemos que se mantén un número de estudantes case constante, experimentando unha pequena baixada de nova matrícula neste último curso académico.




Figura 2. Evolución da oferta, demanda e matrícula nos últimos catro anos

Na Figura 3 móstrase a distribución do novo alumnado matriculado por área de coñecemento desde a perspectiva de xénero para o curso académico 2020/21. Pódese observar que o número de homes supera lixeiramente ao de mulleres cun 53,7 %, mostrando un equilibrio notable na matrícula dos programas de doutoramento en canto á perspectiva de xénero. Ao avaliar as ramas individualmente, só na área de Ciencias da Saúde o número de mulleres é maior que o de homes, representando un 60,0 %. No resto das ramas o número de homes é maior co das mulleres cun 68,8 %, 64,4 %, 55,4 % e un 50,5 % nas áreas de Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Artes e Humanidades, respectivamente.




Figura 3. Estudantes de doutoramento de nova matrícula no curso 2020/21 dende a perspectiva de xénero

En relación á orixe dos novos estudantes, un número significativo provén de programas de máster de diversas universidades do sistema español (Táboa 2). Non contamos con datos que nos permitan identificar cales proveñen do SUG (Sistema Universitario de Galicia) e cales doutras universidades nacionais. En total, o estudantado que provén de estudos de máster representa un 50,3 % neste curso académico. O número de estudantes procedentes de titulacións baixo o réxime do RD 1393/2007 é minoritario. Do mesmo xeito que en cursos anteriores, destaca a elevada porcentaxe de estudantes estranxeiros que se matriculan nos programas de doutoramento da USC, representando un 30,8 % dos novos matriculados. Estes deben solicitar a equivalencia do seu título.

Segundo se pode observar na Táboa 2, as ramas con maior porcentaxe de estranxeiros matriculados son Ciencias Sociais e Xurídicas cun 44,6 %, Ciencias cun 32,3 % e Enxeñaría e Arquitectura cun 28,9 %, respectivamente, sendo a procedencia deste estudantado moi diversa. No caso da primeira área, proceden principalmente de universidades de Iberoamérica e Portugal, mentres que na segunda e terceira área, a procedencia é principalmente de Asia e Iberoamérica.

A porcentaxe de estudantes que requiriron realizar complementos de formación dos novos matriculados é notablemente baixo, un 10,4 % (Táboa 2). Esta situación suxire un aspecto positivo en canto á congruencia entre os coñecementos adquiridos durante a formación previa dos estudantes e os requisitos do programa de doutoramento. A escasa necesidade de complementos de formación pode interpretarse como un indicador da efectividade do proceso de selección de estudantes, así como da adecuación dos contidos e requisitos do programa ás competencias e habilidades previamente desenvolvidas polos candidatos.

En canto o número total de estudantes matriculados nos programas de doutoramento da USC no curso 2020/2021, Táboa 3, este ascende a un total de 2.726 estudantes de doutoramento con matrícula ordinaria, máis 40 de estadía, o que fai un total de 2.766. Deste número, 497 estudantes foron de primeira matrícula. Na Figura 4 preséntase a evolución de matrícula total nos últimos cinco cursos. Pode observarse un pequeno descenso continuado da matrícula nos programas de doutoramento, consecuencia do incremento experimentado na defensa das teses nos últimos anos, e manténdose en termos similares a anos anteriores as persoas doutorandas de primeira matrícula. Por ramas de coñecemento (Figura 4 dereita), as de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías son as que tiveron máis estudantado con matrícula ordinaria, con 867 e 664, respectivamente, mentres que as áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (658) e de Artes e Humanidades (547) experimentaron un leve descenso na súa matrícula respecto ao curso académico anterior, confirmando a tendencia observada.

Táboa 3. Estudantes matriculados nos programas de doutoramento no curso académico 2020/21

Total de estudantes matriculados						
Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Matrícula total de estudantes (ID-06)	2726	547	658	867	426	228
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (ID-10)	24,1	20,0	40,7	13,0	25,4	25,9
Porcentaxe de estudantes estranxeiros do EES (ID-12)	8,7	7,2	16,7	5,4	4,8	8,9
Porcentaxe de estudantes a tempo completo (ID-14)	64,6	51,5	42,9	47,3	79,4	58,0
Porcentaxe de estudantes a tempo parcial (ID-15)	16,6	15,9	19,9	19,3	9,8	10,7
Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta (ID-16)	30,4	32,6	36,9	33,4	10,8	31,2
Porcentaxe de estudantes con beca o contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...)	27,9	27,1	23,2	25,6	40,1	29,7




Figura 4. Evolución do número de estudantes matriculados por curso académico (esquerda) e rama de coñecemento (dereita)

A proporción de estudantes de doutoramento procedentes do estranxeiro continuou o seu avance malia a pandemia, representando xa o 29,3 % do alumnado de matrícula ordinaria de doutoramento, o que convirte á EDIUS no Centro con maior número de estudantes estranxeiros na USC. É positivo que a proporción de estudantes estranxeiros siga aumentando, corroborando o atractivo dos nosos estudos de doutoramento, que xa se atopan por riba da media española, que é do 26 % aproximadamente (<https://www.universidades.gob.es/estadistica-de-tesis-doctorales-etc/>), Figura 5.

Entre o alumnado estranxeiro, o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (160), seguido polos de Ecuador (72), Brasil (70), México (49), Colombia (37), Venezuela (34), Italia (33) e Xordania (23). O alumnado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría. No primeiro caso procede de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións e convenios internacionais dos programas de doutoramento.




Figura 5. Procedencia das persoas doutorandas matriculadas

Os datos do tipo de dedicación (Figura 6) das persoas doutorandas indican que no curso 2020/2021 un 64,6 % do grupo realizaba os seus estudos de doutoramento a tempo completo (1.761 estudantes) e o 33,0 % a tempo parcial (899), mentres que o resto estaba nunha dedicación de tipo mixto (66), situándose o tempo de duración medio dos estudos de doutoramento en 4 anos, 8 meses e 13 días. No cómputo está incluído o alumnado tanto a tempo completo como parcial, de aí o tempo relativamente longo para realizar o doutoramento.

Desde a EDIUS segue poñéndose moita énfase en que as persoas doutorandas elixan con coidado a modalidade de dedicación, especialmente aquelas que fan a tese sen financiamento e combinándoa con outra actividade. Para este grupo semella máis indicada a modalidade a tempo parcial, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos para iso no Regulamento de Estudos de Doutoramento, xa que lles permite facer a tese en cinco anos (máis a posibilidade das prórrogas contempladas no RD 99/2011).




Figura 6. Evolución da realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial (dereita) e porcentaxe de matriculados a tempo parcial no curso 2021/22 por rama (esquerda)

A porcentaxe de persoas doutorandas con bolsa ou contrato predoutoral é do 27,9 %, aínda que se observa unha pequena disparidade entre ramas (véxase Figura 7), cunha distribución moi similar ao ano anterior. As ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura suman o maior número de estudantes con bolsa ou contrato, cun 40,1 % e 29,7 % respectivamente. No polo oposto, as menores porcentaxes danse nas ramas de Ciencias da Saúde (25,6 %), probablemente relacionado con que moitos dos estudantes de doutoramento están a realizar o período de residencia. Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas presentan unha porcentaxe en torno ao 27,1 % e 23,2 %, respectivamente, datos que poderían ter a súa orixe no escaso financiamento que obteñen estas persoas doutorandas a través de bolsas e contratos competitivos, e á existencia de programas con alta porcentaxe de matriculados que compatibilizan os estudos de doutoramento coas súas profesións, entre outros motivos. Pode apreciarse a relación entre a porcentaxe de estudantado a tempo parcial e a porcentaxe de estudantado con bolsa ou contrato predoutoral (Figura 6 dereita e Figura 7). As ramas con maior porcentaxe de estudantado a tempo parcial coincide coas ramas con menos bolsas ou contratos predoutorais.




Figura 7. Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral

Á vista dos datos presentados conclúese que os procesos de acceso, admisión e matrícula son adecuados, cunha oferta de estudos de doutoramento da USC que parece ser atractiva na actualidade.

Por último indicar que se dispón de datos e cifras do Sistema Universitario Español 2020-2021 do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, dispoñible en: <https://www.universidades.gob.es/publicaciones-e-informes>.

1.2. Planificación e calidade das actividades de formación transversais ofrecidas ás persoas doutorandas

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha grande área de coñecemento en concreto, enfócase para facilitar ao alumnado a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante. No curso 2019/20 as actividades formativas que se ofertaban ao alumnado de doutoramento víronse irremediabilmente afectadas pola pandemia de COVID-19. Nesa situación, alternativas como a formación en liña permitiron a realización de moitas das actividades de formación programadas sen unha diminución apreciable de estudantes. Esta adaptación das tecnoloxías e o profesorado na forma de impartir as actividades formativas quedou instaurada e permitiu incrementar en moitas delas o número de prazas do alumnado ás mesmas. No curso 2020/21 parte das actividades formativas impartíronse presencialmente, parte en liña e parte mixta, adaptándose ás circunstancias. Durante o curso académico 2020/2021 consolidáronse os diferentes módulos nos que se estrutura esta oferta:

Módulo 1: Competencias en información e recursos

Módulo 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo

Módulo 3: Competencias en investigación, innovación e transferencia

Módulo 4: Tratamento e modelización da información territorial

Módulo 5: Competencias en análise de datos e modelización

Módulo 6: Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i

A EDIUS no curso 2020/21 ofertou un total de 35 actividades formativas transversais xerais cun total de 1.311 prazas, das cales se cubriron 1.234, é dicir, un 94,1 % das prazas ofertadas. Indicar que nalgúns das actividades formativas ofertadas quedaron estudantes en lista de espera, sen poder realizalas, debido á elevada demanda das mesmas, Figura 9. Ademais, ofertáronse 30 actividades formativas transversais sectoriais de áreas de coñecemento concretas. A oferta de actividades formativas pode verse con detalle na páxina web da EDIUS (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/historico-actividades>). O total de estudantes que neste curso participaron nas actividades formativas ofertadas foi de 1.234. Como era de esperar, hai cursos con maior demanda que oferta e viceversa, sendo o número de estudantes que queda na lista de espera sen poder asistir á actividade formativa seleccionada, en xeral, moi pequena (Figura 9). A porcentaxe de estudantes que participaron en actividades formativas transversais é do 45,3 % (matricula nas actividades formativas/total de matriculados nos programas de doutoramento). Esta cifra é moi superior á do curso anterior, tal como se pode observar na Figura 9. A porcentaxe do estudantado que solicita unha actividade formativa e non pode realizala por falta de prazas pode considerarse baixa, un 17,8 %, aínda que é moi superior a do ano anterior e merece un seguimento nos vindeiros cursos. Este curso académico pódese dicir que é cando realmente se empezaron a impartir o maior número destas novas actividades formativas.

Cabe mencionar que neste momento non dispoñemos de información de cantos alumnos participaron nas actividades formativas, só da participación total de estudantes en actividades transversais nos últimos dous cursos académicos. Tampouco temos información da participación do alumnado por ramas de coñecemento.




Figura 9. Evolución da oferta, demanda, matrícula e lista de garda das actividades formativas transversais: porcentaxe de estudantes (esquerda) e número de prazas (dereita)

Tendo en conta o feito de que as actividades transversais non son obrigatorias en moitos dos programas, pódese considerar que a aceptación é satisfactoria aínda que é evidente que hai unha marxe de mellora. Percíbese que o estudantado de doutoramento atopa unha oferta de actividades formativas estable e ben organizada que cada vez lle resulta máis atractiva. Doutra banda, nalgúns programas interuniversitarios recoñécense dificultades para asistir ás actividades formativas desde outras universidades, principalmente do SUG, e unificar a oferta destas. En xeral, e de acordo cos informes da ACSUG dos programas de doutoramento, os esforzos da EDIUS orientados á mellora na planificación e organización destas actividades son cada vez máis apreciados. É tamén conveniente sinalar que a planificación e organización das actividades formativas é dinámica, incorporándose cada ano cambios e melloras. Así, a oferta cada vez inclúe máis actividades non presenciais ou máis actividades no campus de Lugo. É importante tamén salientar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o estudantado de doutoramento, xa que son financiadas co orzamento da EDIUS.

Así mesmo, neste curso 2020/2021, e como novidade, as actividades formativas transversais pasaron tamén a ser recoñecidas como cursos de innovación e formación docente (PFID). Ademais, o estudantado con contratos predoutorais obtidos por convocatoria competitiva tamén puido ter acceso aos cursos ofertados ao Persoal Docente e Investigador (PDI) a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/formacion/PFID>).

Por outra banda, a EDIUS oferta actividades formativas específicas por rama de coñecemento realizadas anteriormente por algún programa de doutoramento para o seu estudantado e que espertaron un elevado interese no doutros programas de doutoramento, polo que se decidiu ofertar tamén desde a EDIUS estas actividades para todo o estudantado dunha determinada gran área de coñecemento. No curso 2020/21 ofertáronse 14 seminarios na área de Ciencias e Enxeñaría, 6 na área de Ciencias da Saúde, e 13 na área de Artes e Humanidades xunto coa de Ciencias Sociais e Xurídicas. Ademais, á oferta de actividades transversais e específicas da EDIUS hai que engadir as actividades específicas organizadas polos propios programas e institutos de investigación, entre as que se atopan xornadas de persoas doutorandas, ciclos de seminarios e conferencias, etc.

En canto á calidade da oferta das actividades formativas, hai que indicar que o grao de satisfacción global do estudantado de doutoramento e das persoas directoras de teses é elevado, aínda que polo momento non se implantou a realización de enquisas específicas para poder cuantificalo por actividade. No informe de satisfacción do estudantado dos programas de doutoramento, pregunta 30: “A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios é de interese e de calidade”), reflicte unha media de 3.44 (sobre 5) en canto a calidade das actividades de formación, sendo este resultado lixeiramente superior ao rexistrado o curso anterior (3.35). Por outra banda, no informe de satisfacción das persoas titoras e directoras a pregunta sobre a oferta, planificación e organización de actividades formativas (pregunta 2: “Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas”) alcanza a puntuación de 3.97 (sobre 5), sendo un apartado ben valorado cun resultado moi similar nos dous últimos anos. Dado que só dispoñemos dos resultados das enquisas de satisfacción de dous cursos, o que non permite avaliar a súa evolución. No apartado 1.6 deste informe poden verse con mais detalle os resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese. Dos resultados anteriores percíbese que o estudantado de doutoramento atopa unha oferta de actividades formativas que empeza a ser estable e organizada, que cada vez lles resulta máis atractiva. Doutra banda, nalgúns programas interuniversitarios recoñécense dificultades para asistir ás actividades formativas desde outras universidades e unificar a oferta destas, o que indica que é necesario mellorar o proceso.

Cómpre destacar tamén que outras das actividades formativas que a escola levaba realizando nos últimos anos de forma regular e teñen moi boa acollida por parte do estudantado e do profesorado non se puideron realizar por mor da pandemia de COVID-19. No caso do VIII Encontro da mocidade investigadora por primeira vez fíxose de xeito telemático, cunha participación de arredor de 300 estudantes de doutoramento. Tivo lugar os días 26, 27 e 28 de xuño do 2021.

Por último, durante este curso académico 2020/2021 a EDIUS tamén seguiu a ofertar un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento e, en particular, para persoas titoras e directoras de tese, focalizada en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo, e a elaboración de materiais e contidos dixitais para a docencia e investigación. A intención da Escola é ampliar esta oferta nos vindeiros cursos académicos incluíndo nova formación sobre propiedade intelectual en grupos de traballo, xestión e resolución de conflitos, xestión do tempo e do estrés, etc.

1.3. Internacionalización e Mobilidade

A EDIUS segue a desenvolver un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento, un dos seus obxectivos principais. Isto reflíctese, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de estudantes procedentes de países estranxeiros (Figura 5 e Táboas 2 e 3).

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é unha importante vía de internacionalización para a EDIUS. Por iso paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de doutoramento (Táboa 4). Como é coñecido, para conseguir esta mención as persoas doutorandas deben realizar unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dous expertos de institucións académicas non españolas e deberá contar con algún membro experto estranxeiro no tribunal que a xulgue. O 8,4 % de estudantes realizaron estadías de investigación autorizadas pola CAPD neste curso académico. Os datos poden verse na Táboa 4. A rama de Enxeñaría e Arquitectura (14,0 %) é a que maiores valores presenta, seguida das ramas de Artes e Humanidades (8,5 %), Ciencias da Saúde (7,9 %) Ciencias (7,8 %) e Ciencias Sociais e Xurídicas cun 7,3 %. Os valores tan baixos débense a que este indicador computa o número de estudantes de investigación que realizan estadías de investigación sobre o número total de estudantes a tempo completo. Os estudantes realizan unha única estadía de investigación durante os seus estudos de doutoramento co que o indicador non está ben definido. Este debería definirse tendo en conta o número de estudantes que realizan estadías de investigación durante o seu doutoramento e os que non as realizan. No informe de satisfacción dos estudantes co doutoramento non se lles pregunta sobre a utilidade destas estadías aínda que sen dúbida este tipo de actividades está moi ben valorada entre os estudantes.

Táboa 4. Teses con mención internacional defendidas na USC

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias e Enxeñarías
2016/17	44	7	10	8	18
2017/18	77	9	21	8	39
2018/19	100	15	21	14	50
2019/20	107	28	26	13	40
2020/21	105	18	32	18	37
2021/22	123	20	35	17	51
2022/23	131	24	42	14	62

Por outra banda, e non menos importante para a internacionalización dos estudos de doutoramento, están os estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) e realizan estadías na USC provenientes de universidades estranxeiras onde levan a cabo os seus estudos de doutoramento, que representan un 3,6 % (Táboa 5). Como no caso anterior, os valores son baixos xa que este indicador computa o número de estudantes de investigación que realizan estancias de investigación sobre o número total de estudantes a tempo completo.

Táboa 5. Estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas pola CAPD no curso académico 2022/2023

Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Porcentaxe de estudantes que realizan estadías de investigación (saíntes) autorizadas por la CAPD (ID-17)	8,4	8,5	7,3	7,9	7,8	14,0
Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) (ID-19)	3,6	1,5	6,5	3,1	1,5	6,1

Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa (Táboa 6).

Táboa 6. Evolución do número de persoas directoras de teses e de persoal experto estranxeiro en tribunais de teses

Curso académico	Persoas directoras de teses ¹	Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiras	Número de persoas expertas estranxeiras	Porcentaxe de persoas expertas estranxeiras ²
2016/17	345	7,25	65	18,2
2017/18	478	7,74	117	18,7
2018/19	727	8,94	174	19,5
2019/20	1008	9,03	121	15,5
2020/21	1267	9,39	176	17,8

¹Calculado sen considerar se se dirixe a máis dunha persoa doutoranda.

²Calculado sobre o número total de membros de tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización son as teses en cotutela. Neste curso 2020/2021 defendéronse oito teses nesta modalidade, o que supón un aumento moi significativo respecto a cursos anteriores. A Táboa 7 amosa a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

Táboa 7. Evolución das teses en cotutela defendidas na USC

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias e Enxeñarías
2016/17	0	0	0	0	0
2017/18	2	0	2	0	0
2018/19	2	1	1	0	0
2019/20	2	1	1	0	0
2020/21	8	1	3	0	4

Con todo o indicado considérase que queda demostrado o alto nivel de internacionalización dos programas de doutoramento e o esforzo realizado neste sentido nos últimos anos.

1.4. Recursos humanos

1.4.1 Persoal académico

Antes de analizar os datos correspondentes ao persoal académico é necesario sinalar que hai persoas directoras e titoras colaborando en máis dun programa de doutoramento. Á hora de tratar a información e contabilizar totais só se conta unha vez cada contribución de cada persoa titora e/ou directora.

O número total de profesores/as (persoas titoras) que participa nos programas de doutoramento da USC alcanza case os 2.199 e o total de persoas directoras é de 1.267 (Táboa 8). Por ramas, o número de persoas directoras está entre 400 e 500, exceptuando Enxeñaría e Arquitectura, que só ten 260 xa que é área que oferta o menor número de programas de doutoramento. O 74,4 % das persoas directoras está vinculado á USC. Se se compara o número de estudantes matriculados fronte o número de persoas directoras e titoras, pódese ver que a media de estudantes por persoa titora é case de 1,24 e por persoa directora é de 2,15, o que significa que unha porcentaxe elevada de persoas directoras conta con máis dunha persoa doutoranda.

A experiencia investigadora totaliza 4.496 sexenios o que supón unha media de 2,61 sexenios por profesor/a da USC (Táboa 8). Deles, o 71,42 % corresponde globalmente con sexenios vivos. Por ramas obsérvase que, salvo en Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades onde a porcentaxe de profesorado con sexenios vivos é do 56,05 % e do 62,49 % respectivamente, no resto de ramas supera o 75 %. Estas cifras revelan que a experiencia investigadora das persoas directoras e titoras de teses é globalmente alta. Ao analizar estes datos hai que ter en conta que só se presenta información dos sexenios correspondentes ao profesorado que pertence á USC.

No relativo aos proxectos de investigación vivos obsérvase un total de 695 entre autonómicos (188), nacionais (335) e internacionais (172), Táboa 8. Non dispoñemos de información respecto da participación en proxectos por ramas, e ademais hai que ter en conta que só se presenta información correspondente ao profesorado que pertence á USC.

En canto a publicacións indexadas (Táboa 8), a cifra total é de 5.256. A cifra máis alta corresponde a Ciencias da Saúde, con 2.045, seguida de Ciencias con 1.714, Ciencias Sociais e Xurídicas con 713 e Enxeñería e Arquitectura con 500, respectivamente. Destaca neste campo Artes e Humanidades con só 284 publicacións indexadas. Con todo, obsérvase que nesta rama o número de publicacións non indexadas é bastante elevada, de 542. Isto coincide claramente co feito de que na rama de Artes e Humanidades valóranse preferentemente publicacións non indexadas como é o caso dos libros. No caso de Ciencias Sociais e Xurídicas tamén se observa un elevado número de publicacións non indexadas fronte ás indexadas (713 fronte a 1.011), o cal tamén é un síntoma claro de que nesta rama non só se valoran as publicacións indexadas.

En canto a indicadores relativos, facilmente pódese obter que, en media, o profesorado con vinculación á USC produciu 2,39 publicacións indexadas por profesor/a, correspondendo a unha repartición de 4,17 na rama de Ciencias da Saúde, 3,44 Ciencias, 2,30 Enxeñería e Arquitectura, 1,64 Ciencias Sociais e Xurídicas e 0,64 en Artes e Humanidades, respectivamente. No tocante ás non indexadas, o total da Universidade é de 0,97 publicacións por profesor/a, observándose unha tendencia inversa á das publicacións indexadas, con taxas maiores en Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, con 1,23 e 2,33 publicacións por profesor/a, e valores menores para Ciencias (0,45), Ciencias da Saúde (0,49) e Enxeñería e Arquitectura (0,58).

Táboa 8. Persoal académico dos programas de doutoramento no curso 2020/2021

Persoal Académico do PD no curso 2020/2021						
Concepto	Total Porcentaxe	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Profesorado que forma parte dos PD	2.199	442	434	490	498	217
Profesorado da USC que forma parte dos PD	1.636	297	319	409	371	130
Ratio doutorando/profesorado PD	1,24	1,24	1,52	1,77	0,86	1,05
Número total de sexenios do profesorado da USC (ID-25)	4.496	811	653	1.096	1.211	382
Número medio de sexenios por PDI da USC (ID-26)	2,61	2,58	1,85	2,68	3,29	2,64
Porcentaxe de PDI da USC con sexenios (ID-27)	80,01	82,40	76,94	96,12	95,80	93,77
Porcentaxe de PDI da USC con sexenios vivos (ID-28)	71,42	62,49	56,05	81,48	80,64	76,46
Persoas directoras das teses defendidas 2020/2021	560	75	98	219	87	81
Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiras das teses defendidas en 2020/2021	5,4	5,3	4,1	5,5	5,7	6,2
Número de publicacións indexadas no ano do profesorado da USC	5.256	284	713	2.045	1.714	500
Número de publicacións non indexadas no ano 2021 do profesorado USC	2.144	542	1.011	240	225	126
Número de proxectos internacionais vivos no ano 2021 do profesorado USC	172	ND	ND	ND	ND	ND
Número de proxectos nacionais vivos no ano 2021 do profesorado USC	335	ND	ND	ND	ND	ND
Número de proxectos autonómicos vivos no ano 2021 do profesorado USC	188	ND	ND	ND	ND	ND

Resumindo o analizado neste apartado, pódense extraer as seguintes conclusións:

- O persoal dispoñible para a dirección e titorización de tese é suficiente, posto que o curso avaliado ten un cociente de 1,24 de persoa doutoranda/profesorado dispoñible.
- Respecto dos proxectos de investigación, obsérvanse uns valores altos tanto en proxectos autonómicos como nacionais e internacionais. Polo momento non dispoñemos de información por área de coñecemento.

- Respecto ao número de sexenios por PDI da USC, presenta unha media de 2,61 por profesor/a, un número moi elevado que indica a alta calidade do profesorado que forma parte dos programas de doutoramento.
- En canto a publicacións, en termos relativos, a media total correspóndese con 2,39 publicacións indexadas por persoa profesora da USC e 0,97 publicacións non indexadas por persoa profesora da USC. Os datos indican que nas áreas de Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde, as publicacións indexadas son mais importantes, presentando cifras maiores, mentres que en Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, os números de publicacións non indexadas son maiores (sobre todo en Artes e Humanidades), indicando a existencia doutro tipo de publicacións distintas aos artigos en revistas que non están indexadas, como pode ser o caso de libros.

1.4.2. Persoal de Administración e Servicios (PAS)

Na Universidade de Santiago de Compostela o apoio administrativo aos programas de doutoramento está articulado en diferentes niveis:

Para cada programa de doutoramento:

- Xestións administrativas do alumnado (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos...) a través do Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica.
- Desenvolvemento ordinario dos programas de doutoramento e trámites relacionados coas teses a través do persoal de administración vinculado ás Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), cun total de 8 persoas neste curso académico.
- Para o apoio ás Comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD) nas súas competencias, cada programa conta con persoal de apoio á coordinación, situado no centro ao que estea vinculado a persoa coordinadora. Neste curso este persoal foi un total de 44 membros do PAS.

A nivel xeral:

- Apoio á oferta, verificación e modificación de programas de doutoramento (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica [SXOPRA]).
- Apoio ao seguimento e acreditación dos programas a través da área de Calidade e mellora dos Procedementos (ACMP).

Por outra banda, a USC conta con unidades de carácter centralizado que prestan os seus servizos a departamentos e grupos de investigación:

- a Biblioteca Universitaria, que é unha unidade funcional concibida como un centro de recursos bibliográficos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe.
- o Arquivo Universitario, que constitúe unha unidade funcional de apoio á investigación e á docencia. Está constituído por fondos documentais propios ou en depósito.
- a Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT), que é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común que prestan servizos de apoio á investigación da USC.

1.5. Resultados da aprendizaxe

Desde o inicio do curso 2016/2017 defendéronse na USC 1216 teses de doutoramento. A Figura 11 representa a súa evolución do número de teses defendidas na USC por curso académico e a súa distribución por rama de coñecemento.

No curso 2020/2021 defendéronse 330 teses de doutoramento, Táboa 9 e Figura 10. As realizadas en modalidades especiais (en cotutela, con mención internacional ou mención industrial) supoñen o 33,2% do total, sendo a maioría as que optan á mención internacional 105 (31,8%), as cales experimentan un incremento de tres puntos respecto ao curso anterior. Obsérvase unha boa presenza de expertos internacionais para o número de tese que se presentaron con mención internacional cun 17,8% do total dos tribunais. Debido á incidencia da COVID-19 as defensas empregando algún sistema de videoconferencia foron maioritarias durante a primeira parte do curso, defendéndose 259 das 330 teses presentadas no curso 2020/2021 totalmente virtual e semipresencial, o 78,5% do total. A evolución da pandemia permitiu a recuperación progresiva das defensas presenciais na segunda metade do curso académico. Cabe recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións dos tribunais e flexibilizar o propio acto de defensa en si mesmo.

Táboa 9. Resultados dos programas de doutoramento no curso 2020/2021

Resultados dos programas no curso académico 2020/2021						
Concepto	Total Porcentaxe	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Número de teses defendidas (ID-31)	330	58	70	112	66	24
Porcentaxe de teses defendidas a tempo completo (ID-32)	89,1	93,1	90,0	80,9	98,3	91,7
Porcentaxe de teses defendidas a tempo parcial (ID-33)	10,9	6,9	10,0	19,1	1,7	8,3
Duración media dos estudos a tempo completo (ID-38)	4,5	4,57	4,51	4,52	4,34	4,52
Duración media dos estudos a tempo parcial (ID-39)	4,8	5,15	4,54	4,48	4,88	4,05
Porcentaxe de persoas doutorandas que defenden a súa tese sen pedir prórroga (ID-40)	13,0	15,5	5,7	18,2	8,3	16,7
Porcentaxe de abandono do programa (ID-45)	11,9	13,6	17,2	10,4	6,3	8,0
Número de teses presentadas en galego (ID-35)	24	6	13	4	0	1
Número de teses presentadas en castelán (ID-36)	181	42	29	74	27	9
Número de teses presentadas noutro idioma (ID-37)	123	16 (P- 5 e I-10)	22 (P-15 e I-7)	35 (I)	36 (I-35)	14 (I)
Porcentaxe de persoas expertas internacionais nos tribunais de tese (ID-30)	17,8	16,7	18,8	15,9	19,6	23,6
Porcentaxe de teses coa cualificación de <i>cum laude</i> (ID-43)	298	49	56	110	62	21
Teses con mención internacional (ID-44)	105	18	18	32	27	10
Teses en cotutela	4	0	0	3	1	0

Por outra banda, neste curso defendéronse oito teses en cotutela. Unha na gran área de Artes e Humanidades, tres na de Ciencias da Saúde e catro na de Ciencias. Neste curso académico non se defenderon teses con mención industrial pero as relacións coas empresas constitúen un ámbito de importancia crecente, consecuencia da función de transferencia á sociedade propia dos estudos de doutoramento mediante a formación de persoal investigador competente que poida incorporarse aos sistemas de I+D+i, algo que acontece cada vez con máis frecuencia fóra do mundo académico tradicional. A realización de doutoramentos industriais é unha excelente vía para fomentar as relacións coas empresas, para o que é preciso que a persoa doutoranda participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental nunha empresa ou entidade pública na que ten que estar contratada e coa que, a miúdo, hai que asinar un convenio. Para dar cobertura a esta tipoloxía de tese, durante o curso 2020/2021 a dirección da EDIUS traballou man con man coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Secretaría Xeral de Universidades para poñer en marcha e redactar a primeira convocatoria competitiva pública do Programa de Doutoramentos Industriais de Galicia que se lanzará a primeiros de outubro de 2021. Por outra banda, neste curso académico 2020/2021 aprobáronse dous convenios para a realización de doutoramentos industriais, un no marco dun contrato outorgado a través de convocatoria nacional de doutoramentos industriais.




Figura 10. Evolución do número de teses defendidas por curso e rama de coñecemento

Na Figura 11 móstrase a evolución do número de teses e as teses defendidas no curso 2020/21 por rama de coñecemento desde a perspectiva de xénero. Pódese observar que o número de mulleres que defenderon a tese de doutoramento neste curso académico supera moi lixeiramente o de homes cun 51 %, mostrando un equilibrio notable nas teses defendidas desde a perspectiva de xénero. Ao avaliar por ramas de coñecemento para este curso académico destaca a porcentaxe de teses lidas por mulleres na área de Ciencias da Saúde cun 58 %. Pola outra banda atopamos a área de Enxeñaría e Arquitectura, cunha porcentaxe dun 71 % de teses defendidas por homes. O resto das ramas de coñecemento teñen un número de teses defendidas por homes e mulleres equilibrado entre o 49 % e un 53 %. Na Figura 11 (esquerda) pode verse a evolución nos últimos cinco anos de teses defendidas desde a perspectiva de xénero que non sendo no curso 2018/19, onde o número de mulleres superou considerablemente o número de homes, no resto dos anos presenta un notable equilibrio desde a perspectiva de xénero.




Figura 11. Evolución do número de teses e teses defendidas no curso 2020/21 dende a perspectiva de xénero

En canto o idioma das teses de doutoramento (Táboa 9), neste curso académico defendéronse un 55,2 % en castelán, un 7,3 % en galego e un 37,5 % noutro idioma. No caso das teses noutro idioma, o máis empregado polo estudiantado é o inglés, nun 82,1 % dos casos, seguido do portugués, nun 17,1 % das defensas noutro idioma. Por ramas de coñecemento destaca a porcentaxe de teses noutro idioma (inglés) nas ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura cun 57,1 % e 58,3 %, respectivamente. Pola outra banda, a porcentaxe de teses noutro idioma na rama de Artes e Humanidades é dun 25,0 %, Ciencias da Saúde 31,0 % e en Ciencias Sociais e Xurídicas un 34,4%, sendo nesta última o idioma portugués o máis empregado. A lingua de redacción das teses de doutoramento está moi relacionada coa lingua vehicular utilizada a nivel internacional na investigación desenvolvida, sendo esta o inglés na rama de Ciencias e Enxeñaría. A vista dos números, pode dicirse que, globalmente, a internacionalización é boa e a calidade das teses avaliadas por expertos internacionais tamén o é. Con todo, obsérvase que hai dúas ramas que teñen marxe de mellora a este respecto (Ciencias da Saúde e Artes e Humanidades).

En canto a duración media das teses de doutoramento a tempo completo, esta é de 4,5 anos (Táboa 9), unha media superior aos tres anos que indica o Real Decreto 99/2011. Sen prórroga é lixeiramente superior á duración con primeira prórroga. Parece evidente que a duración das teses vai ser, en xeral, superior á prevista no Real Decreto e tende a ser catro anos, isto é, igual á duración media das teses en plans anteriores. No caso das teses a tempo parcial, a duración foi similar, situándose nos 4,8 anos. A porcentaxe de teses que non requiriron unha primeira prórroga é do 13,0 %. Este dato pode ser indicativo da progresiva adaptación ao actual plan de estudos.

A porcentaxe de abandono dos estudos de doutoramento é do 11,9 %. Esta cifra é moi similar a do curso anterior. A porcentaxe de abandono pode estar ligada dalgún modo á evolución do mercado laboral relacionado co programa, así como as dificultades de compaxinar os estudos de doutoramento coa vida familiar ou coa vida laboral (no caso daqueles que optan polo doutoramento a tempo parcial), e a falta de financiamento para poder desenvolver os estudos de doutoramento. Noutros casos, o abandono pode deberse á deficiente información sobre as esixencias da tarefa da persoa investigadora e a dedicación que implica este tipo de estudos. As taxas de abandono por ramas de coñecemento son máis baixas nas ramas de Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde e considerablemente máis altas na rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas.

Todos os cursos académicos, as mellores teses defendidas durante o curso precedente son distinguidas co Premio Extraordinario de Doutoramento. Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno do 25 de febreiro de 2021, para o curso 2018/2019 concedéronse 32 premios co seguinte reparto: 11 na rama de Ciencias da Saúde, 7 na de Ciencias, 5 na de Artes e Humanidades, 6 na de Ciencias Sociais e Xurídicas, e 3 na de Enxeñaría e Arquitectura. A relación completa dos premiados/as pode consultarse na nosa páxina web: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/premio-extraordinario-18-19>.

1.6. Satisfacción dos grupos de interese (resultado das enquisas)

As enquisas de satisfacción ao estudantado e profesorado dos programas así como a persoas directoras e titoras son un instrumento clave do sistema de calidade. A participación dos distintos colectivos é máis ben escasa, polo que ata o momento non se poden considerar como estatisticamente significativas. As enquisas para cada programa de doutoramento estarán proximamente dispoñibles nas páxinas propias de cada programa.

Nas Táboas 10 a 14 preséntanse os resultados das enquisas de satisfacción do estudantado, persoas titoras e directoras, persoas egresadas e persoal de administración e servizos dos programas doutoramento durante o curso 2020/21. Apréciase unha valoración positiva dos estudos de doutoramento por parte de todos os colectivos, tanto de forma xeral como a nivel de programa. Na Figura 13 preséntase a evolución do grado de satisfacción global do alumnado (pregunta 14) e das persoas egresadas (pregunta 5), observando un resultado lixeiramente superior ao do ano anterior. É importante ter en conta que estas enquisas realízanse desde hai só dous anos, polo que a comparación dos datos carece de significado ata que se acumule información de máis anos.

Polo que respecta ao estudantado, merece a pena resaltar a boa puntuación que recibe por parte do estudantado a pregunta 9: “O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora por parte das persoa/s directora/s da tese” cun 4.42 (sobre 5), da pregunta 8: “O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese” cun 4.55 (sobre 5), e da pregunta 28: “O tema da miña tese responde as miñas expectativas” cun 4.49 (sobre 5). Por outra banda, as preguntas que recibiron unha menor valoración son a pregunta 19: “A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais” cun 2.93 (sobre 5) e a pregunta 20: “A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento” cun 2.84 (sobre 5), o que indica que hai que mellorar a información existente nestes puntos. No caso dos resultados das enquisas de satisfacción das persoas egresadas destaca positivamente a valoración da pregunta 1: “O PD capacitoume para o desenvolvemento da miña carreira investigadora” cun 4.21 (sobre 5), o que indica un alto grado de satisfacción coa formación recibida. Dos datos presentados nas Táboas 7 e 9 pode deducirse unha satisfacción xeral elevada do estudantado e as persoas egresadas cos programas de doutoramento e coa Escola, destacando o traballo das persoas titoras e directores de tese.




Figura 13. Evolución dos resultados globais das enquisas de satisfacción do estudantado e persoas egresadas dos últimos anos

Por parte das persoas directoras e titoras destaca positivamente a puntuación na pregunta relacionada coa “Formación investigadora adquirida polo estudantado (pregunta 14)” cun 4.21 (sobre 5) e na pregunta 1: “Información, planificación e coordinación levadas a cabo pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)” cun 4.25 (sobre 5). Por outra banda, destaca negativamente a pregunta 6: “Apoio económico (contratos, bolsas) ás persoas doutorandas” cun 2.71 (sobre 5), aspecto

que podería mellorar. Como pode verse nos datos presentados na Táboa 8, o profesorado do programa (persoas directoras e titoras) amosa un bo nivel de satisfacción co alumnado dos programas de doutoramento no seu conxunto e respecto a organización e xestión dos estudos de doutoramento.

Por último, as enquisas de satisfacción do PAS de apoio aos programas de doutoramento nos centros (Táboa 10) e dos PAS dos servizos centrais da escola de doutoramento (Táboa 11) amosan no primeiro grupo un grao de satisfacción moderado e no segundo grupo un grado de satisfacción baixo. En ambos os casos o motivo é a falta de recursos humanos para poder levar a cabo o seu labor de xestión dos programas de doutoramento cun incremento nos últimos anos dos trámites administrativos e burocráticos que hai que levar a cabo. Polo tanto, cómpre seguir insistindo desde a comisión de dirección da escola da necesidade de dotar de mais persoal de apoio estable nos programas de doutoramento, sobre todo nos servizos centrais.

Táboa 10. Informe de satisfacción do estudantado cos programas doutoramento - Curso 2020/21^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. A información pública dispoñible nas Web, sobre o PD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	1	3.92
2. O sistema de bolsas/contratos para o alumnado (etapa de formación, mobilidade)	1	3.12
3. O proceso de admisión e matrícula	1	4.12
4. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas	1	3.81
5. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación.	1	3.91
6. O labor do/a coordinador/a do programa.	1	4.19
7. O labor do/a meu/miña titor/a.	1	4.38
8. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese	1	4.55
9. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese.	1	4.42
10. O labor do persoal administrativo da EDIUS e do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación)	1	4.17
11. Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da miña tese.	1	3.68
12. Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)	1	3.79
13. Elixín este programa pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.	1	4.45
14. En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	1	4.26
15. A información pública dispoñible nas Web, sobre o POD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	1	3.75
16. A información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos).	1	3.42
17. A información proporcionada sobre a mención internacional/ mención industrial.	1	3.22
18. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/ contratos da etapa de formación.	1	3.22
19. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais.	1	2.93
20. A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento.	1	2.84
21. O proceso de renovación da matrícula.	1	4.09
22. Os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.	1	3.26

23. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas.	1	3.67
24. As ferramentas informáticas para a xestión dos estudos de doutoramento.	1	3.38
25. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.	1	4.45
26. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese.	1	4.25
27. O labor do persoal administrativo da EDIUS e o do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación).	1	3.77
28. O tema da miña tese responde as miñas expectativas.	1	4.49
29. O PD apórtame coñecementos novos, precisos e actualizados.	1	4.28
30. A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) é de interese e de calidade.	1	3.44
31. Elexín este PD pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.	1	4.25
32. O PD ábreme novas perspectivas cara á miña inserción laboral.	1	3.87
33. O meu esforzo e dedicación para a miña investigación.	1	4.23
34. En xeral, estou satisfeito/a co PD.	1	3.87
35. Coa información da que dispoño neste momento, volvería a elixir este PD para realizar estudos de doutoramento.	1	4.09

⁽¹⁾Número de convidados: 856. Número de enquisas cubertas: 135. Taxa de participación: 15,65 %

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 11. Informe satisfacción persoas egresadas dos programas de doutoramento curso 2020/21^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. O PD capacitoume para o desenvolvemento da miña carreira investigadora	1	4.21
2. A realización do PD facilitou a miña inserción laboral como investigador/a.	1	3.65
3. O PD contribuíu a mellorar o meu nivel sociolaboral.	1	3.59
4. O traballo que desempeño actualmente está relacionado co contido do PD realizado.	1	3.44
5. Indique o seu grao de satisfacción global co PD.	1	3.88
6. Indique o seu grao de satisfacción global co/a/s director/a/s e tutor/a/s.	1	4.09
7. Estou satisfeito/a coas competencias e habilidades adquiridas ao realizar o PD.	1	4.06
8. Recomendaría a realización deste PD.	1	3.79

⁽¹⁾Número de convidados: 141. Número de enquisas cubertas: 34. Taxa de participación: 24,11 %

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 12. Informe satisfacción titores/as-directores/as dos programas de doutoramento curso 2020/21^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. Información, planificación e coordinación levadas a cabo pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)	1	4.25
2. Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas?)	1	3.92
3. Actividades desenvolvidas e axudas dispoñibles á mobilidade ou estadias de investigación	1	3.24
4. Supervisión e avaliación do progreso da investigación do/as doutorando/as realizadas pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.	1	4.15
5. Motivación e os coñecementos do estudantado matriculado no programa	1	4.01
6. Apoio económico (contratos, bolsas) aos/as doutorandos/as	1	2.71
7. Información da páxina web da EDIUS	1	3.89
8. Información da páxina web do programa	1	3.90
9. Requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora	1	3.96
10. Mecanismo de recoñecemento (dedicacións docentes) do labor de titorización e dirección de teses	1	3.08
11. Adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións.	1	4.01
12. Apoio nos trámites administrativos prestado polo persoal administrativo	1	3.88
13. Xestión na resolución das incidencias e reclamacións	1	3.96
14. Formación investigadora adquirida polo estudantado	1	4.21

⁽¹⁾Número de convidados: 1.731. Número de enquisas cubertas: 308. Taxa de participación: 17,62 %

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 13. Informe de satisfacción dos PAS de apoio nos centros dos programas de doutoramento - Curso 2020/21^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media	Valoración global
1. A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)	2	3.73	4.20
2. A xestión desenvolvida polo coordinador do programa	3	4.00	4.50
3. O contacto co estudantado dos programas de doutoramento	3	3.82	4.30
4. A coordinación cos servizos centrais con competencias de xestión nos estudos de doutoramento (Servizo de Posgrao, EIDO, EDIUS, SXOPRA, SXA...)	1	3.27	3.70
5. A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento	1	3.64	3.64
6. A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento	3	4.09	4.09
7. A xestión das queixas, suxestións e parabéns	2	3.36	3.80
8. A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora.	1	3.18	3.60
9. A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos PD	1	3.45	3.45
10. A dotación do persoal en doutoramento	1	3.45	3.45
11. A formación para desempeñar o meu traballo en doutoramento	1	3.09	3.09
12. O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo	1	4.27	4.27
13. As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento. (Aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...)	1	3.09	3.50
14. En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos programas de doutoramento	1	3.55	3.55

⁽¹⁾Número de convidados: 44. Número de enquisas cubertas: 11. Taxa de participación: 25 %

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5

Táboa 14. Informe de satisfacción dos PAS dos servizos centrais dos programas de doutoramento - Curso 2020/21^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media	Valoración global
1. A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)	3	3.00	3.00
2. A xestión desenvolvida polos coordinadores dos programas	3	3.50	3.50
3. A coordinación cos outros servizos con competencias de xestión nos estudos de doutoramento (Servizo de Posgrao, EIDO, EDIUS, SXOPRA, SXA...)	4	4.00	4.00
4. A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento	4	4.00	4.00
5. A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)	4	4.50	4.50
6. O contacto co estudiantado dos programas de doutoramento	4	4.00	4.00
7. A xestión das queixas, suxestións e parabéns	4	4.00	4.00
8. A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora.	3	3.50	3.50
9. A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos PD	2	2.00	2.00
A10. dotación do persoal	2	2.50	2.50
11. A formación para desempeñar o meu traballo	2	2.50	2.50
12. O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo	3	4.00	4.00
13. As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento. (Aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...)	3	3.00	3.00
14. En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos programas de doutoramento	2	2.50	2.50

⁽¹⁾Número de convidados: 9. Número de enquisas cubertas: 2. Taxa de participación: 22,22 %

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

2. Análise da calidade dos diferentes programas de doutoramento

O Informe de Seguimento dos programas de doutoramento (IS), o Informe sobre a Calidade dos estudos de doutoramento (ICED) e o Plan Anual de Mellora (PAM) son os principais instrumentos do Sistema de Garantía Interna da Calidade dos programas de doutoramento da EDIUS e teñen como obxectivo a mellora continua da titulación, garantindo un nivel de calidade que facilite o seu seguimento e acreditación pola ACSUG. As enquisas de satisfacción son unha fonte importante para a elaboración destes informes que, á súa vez, son a base para a proposta do PAM por parte dos programas de doutoramento.

Durante o curso 2020-21 a calidade dos estudos de doutoramento foi avaliada tanto de forma interna coma externa. Internamente aplicáronse os seguintes instrumentos habituais. Enquisas de satisfacción aos grupos de interese (ver punto 1.6 para mais detalle). Estas son:

1. Enquisa ao estudiantado do programa de doutoramento
2. Enquisa ás persoas titoras-directoras de tese
3. Enquisa ao Persoal de Administración e Servizos de apoio aos programas de doutoramento

Externamente, durante este curso académico recibíronse os tres primeiros informes favorables de renovación da acreditación dos programas de doutoramento da USC que se presentaron á convocatoria piloto de acreditación durante o curso anterior:

- Enxeñaría Química e Ambiental
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinaria
- Matemáticas

Este resultado constitúe un éxito compartido dos programas e de todos os seus actores: coordinacións, comisións académicas, estudantado, persoas directoras e titoras.

Ademais, procedeuse á avaliación externa dos programas de doutoramento. En concreto, elaboráronse os informes de renovación da acreditación de 39 programas de doutoramento da USC e realizáronse as visitas de parte das comisións de avaliación da ACSUG. Estes son:

- Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Ciencia de Materiais
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Dereito
- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Economía e Empresa
- Educación
- Endocrinoloxía
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estatística e Investigación Operativa
- Estudos Culturais
- Estudos da Literatura e da Cultura
- Estudos Ingleses Avanzados
- Estudos Medievais
- Filosofía
- Física nuclear e de partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Investigación en Tecnoloxías da información
- Láser, Fotónica e Visión
- Lingüística
- Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
- Medicina e Sanidade Veterinaria
- Medicina Molecular
- Medio Ambiente e recursos naturais
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicada
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario.
- Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

O proceso supuxo un intenso traballo para preparar unha ampla documentación referida ao período transcorrido entre os cursos 2013/2014 e 2019/2020. O complexo proceso supuxo un desafío para as numerosas instancias involucradas: coordinacións de programas, comisións académicas, persoal administrativo de apoio dos programas, persoal e equipo de dirección da EDIUS, xunto con outras instancias da Universidade como a Área de Mellora da Calidade e dos Procedementos (ACMP). Este proceso comezou cunha convocatoria piloto durante o curso 2019/2020 na que os programas de doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias, e Matemáticas elaboraron os seus autoinformes e recibiron as visitas das comisións de avaliación. Deste xeito, púidose monitorizar o proceso de acreditación, identificando puntos do proceso susceptibles de mellora e simplificación que permitisen un proceso de acreditación algo máis sinxelo para un volume de programas de doutoramento a avaliar moito máis elevado.

Entre outubro de 2020 e maio de 2021 os devanditos programas elaboraron os seus autoinformes e recompilaron as evidencias nas que estes se sustentaban, seguindo as directrices técnicas da ACMP e da EDIUS. A última etapa consistiu nas visitas virtuais dos paneis avaliadores que se desenvolveron desde xaneiro, comezando pola Escola de Doutoramento e ata o mes de xullo para unha parte dos programas involucrados, mentres que para os restantes as visitas terán lugar a partir de setembro de 2021.

Unha vez realizadas as visitas e feita a avaliación acadaron a renovación da súa acreditación neste curso académico os seguintes quince programas:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Dereito
- Economía e Empresa
- Educación
- Endocrinoloxía
- Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe
- Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
- Medicina e Sanidade Veterinaria
- Medicina Molecular
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

Por outra banda, iniciouse o proceso de modificación das memorias de verificación dos seguintes programas, como consecuencia das recomendacións dadas nos respectivos informes finais de renovación da súa acreditación:

- Enxeñaría Química e Ambiental
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Matemáticas

2.1. Síntese dos aspectos susceptibles de mellora na organización, planificación e desenvolvemento dos obxectivos dos programas

Nos informes de renovación da acreditación dos 15 programas de doutoramento previamente mencionados obsérvase que, en termos xerais, tanto a organización como a planificación e o desenvolvemento dos obxectivos realízanse de maneira satisfactoria en todos os programas. Como é habitual, certos aspectos de mellora repítense nos programas de doutoramento. Algúns destes aspectos

dependen dos propios programas (por exemplo, a organización dunha xornada de benvinda para as persoas doutorandas, o fomento da mobilidade do estudantado ou as actividades formativas específicas), mentres que outros dependen de axentes externos ao programa, como é o financiamento dos estudos de doutoramento ou a mellora da información pública dos programas nas páxinas web.

Os informes de acreditación dos programas de doutoramento emitidos pola ACSUG revelan unha serie de aspectos recorrentes que probablemente persistirán, dado o seu constante potencial de mellora. Aquí preséntanse algúns exemplos de aspectos que requiren atención continua para asegurar a mellora constante dos programas de doutoramento:

- Mellorar a difusión externa dos programas de doutoramento.
- Mellorar a información sobre normativa e procedementos.
- Mellorar a información pública relacionada cos resultados dos programas de doutoramento, cos méritos do profesorado dos programas de doutoramento, proxectos de investigación con financiación por convocatorias oficiais, resultados de inserción laboral, etc.
- Mellorar a información sobre actividades formativas transversais.
- Mellorar a calidade e utilidade das ferramentas dixitais (web, repositorios, etc.).
- Mellorar os mecanismos de avaliación dos plans de investigación e seguimento das persoas doutorandas.
- Incorporar o idioma inglés na información pública dos programas de doutoramento.
- Mellorar a oferta de actividades transversais de interese para todas as ramas de coñecemento.
- Engadir actividades formativas específicas organizadas polos programas de doutoramento.
- Facilitar a integración das persoas doutorandas no día a día dos grupos de investigación.
- Fomentar a implicación de persoas titoras e directoras en todas as cuestións relativas ao programa.
- Simplificar na medida do posible os procedementos administrativos e de xestión.
- Incrementar a internacionalización dos programas.
- Incrementar as porcentaxes de teses con mención internacional, cotutela e industrial.
- Fomentar a finalización das teses nos prazos estipulados.
- Fomentar a participación nas enquisas de todos os colectivos implicados para aumentar as taxas de resposta.
- Incorporar a realización de enquisas de satisfacción no colectivo de persoas egresadas e PAS.
- Aumentar o número de axudas e contratos predoutorais.
- Mellorar a financiación por parte da USC aos programas de doutoramento para o seu funcionamento e para poder levar a cabo as actividades formativas.

Finalmente, nalgúns programas existen aspectos de mellora que merece a pena destacar. Estes son:

- Nalgún dos programas de doutoramento detectouse que o número de estudantes matriculados non está acorde coa oferta (baixada da demanda), feito que comeza a ser preocupante. Por exemplo, nos programas de Medicina e Sanidade Veterinaria, Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses, Endocrinoloxía, Medicina Molecular.
- Mellorar o proceso de admisión dos programas de doutoramento con moita demanda. Por exemplo, no programas de Educación e Investigación Clínica en Medicina.
- Debe potenciarse un reparto equilibrado entre as liñas de investigación e que todas elas estean activas e teñan persoas doutorandas asignadas. Ademais, debe mellorarse a distribución do estudantado entre liñas, dado que se observan unhas liñas desprovistas de estudantado e concentración de estudantado noutras liñas de investigación. Por exemplo, nos programa de Medicina e Sanidade Veterinaria, Economía e Empresa, Estudos Culturais: Memoria, Identidade,

Territorio e Linguaxe, Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense, e do Consumidor e Usuario, Investigación Clínica en Medicina, Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas e Dereito.

- Nos programas interuniversitarios recoméndase fomentar actividades conxuntas de formación. Por exemplo nos programas de Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística e Cultura, Neurociencia e Psicoloxía Clínica.
- Para mellorar a internacionalización considérase necesario aumentar o financiamento da mesma tanto para mobilidade do estudantado como para financiar as estancias de persoas expertas. Por exemplo, nos programas de Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística e Cultura, Medicina e Sanidade Veterinaria, Dereito, Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense, e do Consumidor e Usuario, Investigación Clínica en Medicina, Neurociencia e Psicoloxía Clínica, Ciencias Odontolóxicas, Endocrinoloxía e Medicina Molecular.
- A sobrecarga administrativa e burocrática en todos os procedementos é un elemento que practicamente todos os programas reivindicán.
- Implementar mecanismos para mellorar a taxa de resposta de todos os grupos de interese nas enquisas de satisfacción, (persoas doutorandas, persoas egresadas e PDI), e implantar a enquisa de satisfacción ao Persoal de Administración e Servizos (PAS). Coñecer a opinión de todos os grupos de interese implicados no título e que dita opinión sexa representativa é un aspecto importante para detectar posibles problemas e para propoñer melloras que eleven a calidade do programa.
- Débese manter unha porcentaxe de PDI con sexenios vivos por encima do 60 % e débense implementar accións destinadas ao incremento desta porcentaxe, ou unha acreditación de méritos investigadores equivalentes para aquel profesorado que non poida optar a sexenios. En particular, nos programas de: Economía e Empresa e Investigación Clínica en Medicina.
- Débese facer un seguimento da taxa de abandono dos programas de doutoramento onde é elevada, por exemplo: Dereito, Economía e Empresa, Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense, e do Consumidor e Usuario, Neurociencia e Psicoloxía Clínica, Ciencias Odontolóxicas e Endocrinoloxía.
- Completar a información pública proporcionada na páxina web institucional da EDIUS, con todos os aspectos requiridos no Anexo II da Guía de Seguimento e Acreditación de Doutoramento de ACSUG.
- Información Pública: Informes relacionados coa avaliación do Programa (verificación, seguimento e acreditación), perfil de egreso e principais saídas laborais.
- Incorporar uns criterios de calidade mínimos por programa de doutoramento para poder proceder ao depósito das teses de doutoramento.
- Información pública relacionada con datos e indicadores: Satisfacción de persoas doutorandas e persoas directoras de teses co programa, e taxa de emprego.
- Por último, pero non menos importante, o recoñecemento da dedicación das persoas titoras e directoras e dos membros das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) considérase practicamente por unanimidade altamente deficiente por parte da USC.

2.2. Síntese dos aspectos especialmente positivos dos programas que se considere poden servir de referencia para outros programas

Nos diferentes informes de renovación da acreditación dos 15 programas indicados previamente recolléronse algúns aspectos positivos. A modo de exemplo, paga a pena destacar:

- Interese académico dos Programas de Doutoramento e a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos e na súa maioría asociados a liñas estratéxicas de I+D+i da USC.
- Nas audiencias con estudantado e persoas egresadas apréciase un elevado grao de satisfacción destes colectivos co Programa de Doutoramento.
- En moitos casos os grupos de investigación do programa posúen bo nivel de financiamento a través de proxectos competitivos rexionais, nacionais, internacionais e contratos con empresas.
- A cualificación docente e experiencia investigadora do Persoal Docente Investigador, en moitos casos ten un número elevado de sexenios de investigación.
- En termos globais, a calidade das teses ten un elevado número de contribucións científicas derivadas, o que avala a adquisición das competencias do título.
- En termos globais, o grado de internacionalización dos programas de doutoramento, que se avala co número de persoas doutorandas que realizaron estancias en centros estranxeiros e a participación de expertos internacionais nos tribunais de teses e de persoas directoras ou codirectoras de teses estranxeiras no Programa.
- As enquisas realizadas a persoas egresadas mostran unha alta porcentaxe de inserción laboral. O principal problema neste caso é a escasa resposta.

3. Recomendacións xerais para a mellora da calidade

3.1. En relación á oferta de programas de doutoramento da USC

Ao longo deste curso a oferta de programas de doutoramento ampliouse cun novo programa na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, o Programa de Doutoramento en Turismo, unha vez cumpridos todos os trámites de verificación, aprobación e autorización deste. Este programa ven cubrir a crecente demanda de especialistas neste ámbito de coñecemento, e con el complementábase o itinerario formativo, que contaba xa co Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas. O profesorado do programa está conformado por persoal investigador dos Departamentos de Economía Aplicada, Economía Financeira e Contabilidade, Fundamentos de Análise Económico, Organización de Empresas e Comercialización, Didácticas Aplicadas, Xeografía e Filoloxía Galega, que forman parte de diversos grupos de investigación recoñecidos pola Xunta de Galicia e que contan cunha ampla traxectoria docente e investigadora desenvolta nas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, de Educación, de Xeografía e Historia, e de Filoloxía. O coordinador do programa é o Profesor Xosé Manuel Santos Solla.

En relación coa oferta de programas de doutoramento na USC, esta considérase adecuada. Salvo excepcións, as liñas de investigación dos distintos programas de doutoramento teñen estudantes, o que indica que as actuais liñas mostran actividade e existe interese por elas, á marxe dos comentarios introducidos nos informes dalgúns dos programas.

3.2. En relación coa oferta de actividades formativas

En xeral, recoñécense os esforzos realizados nos últimos anos para mellorar, ampliar e estruturar a oferta de actividades formativas transversais. Na actualidade, a EDIUS oferta unha gran variedade de actividades, organizadas por módulos, que se poden cursar en diferentes momentos do ano, en diferentes modalidades (presenciais e non presenciais nalgúns casos) e distintos campus. Ademais, esta oferta é dinámica e actualízase cada curso con novas actividades. Durante este curso académico 2020/21 ampliouse significativamente a oferta de actividades transversais xerais, como se indicou anteriormente, chegando a un total de 35, con máis de 500 horas, 1.311 prazas ofertadas e unhas 30 actividades transversais sectoriais por ramas de coñecemento. Os resultados das enquisas ás persoas doutorandas en relación á oferta de actividades de formación mostran, en xeral, unha elevada satisfacción. En definitiva, a oferta de actividades formativas van calando na cultura do doutoramento. É moi importante salientar que todas as actividades formativas ofertadas ao estudiantado de doutoramento son gratuítas, xa que son financiadas co pouco presuposto anual do que dispón a EDIUS.

Neste curso 2020/2021, e como novidade, as actividades formativas transversais pasaron tamén a ser recoñecidas como cursos de innovación e formación docente (PFID). Ademais, o alumnado con contratos predoutoriais obtidos por convocatoria competitiva tamén puido ter acceso aos cursos ofertados ao Persoal Docente e Investigador (PDI) a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PFID>).

Por outra banda, durante este curso académico 2020/2021 a EDIUS ofertou por primeira vez un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento (en particular, para persoas titoras e directoras de tese) focalizada en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo e a elaboración de materiais e contidos dixitais para a docencia e investigación.

Propóñense as seguintes recomendacións para mellorar a oferta:

- Facer unha maior difusión das actividades formativas transversais, chamar a atención sobre elas na páxina web dos programas, reforzar a difusión entre as persoas titoras de teses destas actividades, etc.
- Mellorar os recursos humanos e financeiros para levar a cabo as actividades formativas xa que os esforzos que deben facer as comisións académicas dos programas e a EDIUS para a súa planificación son moi grandes.
- Impartir un maior número de actividades formativas en inglés para o numeroso grupo de estudantes estranxeiros que existe nos programas de doutoramento e teñen dificultades para seguir as actividades en castelán/galego.
- Facilitar o estudiantado doutras universidades dos programas interuniversitarios a matrícula nas actividades formativas que se ofertan na USC e viceversa.

3.3. En relación á calidade dos estudos de doutoramento

Á vista dos informes de acreditación e seguimento, en xeral pode afirmarse que os programas de doutoramento móstranse satisfeitos coa calidade dos estudos de doutoramento que imparten. Entre os aspectos especialmente positivos atópanse os seguintes:

- Apréciase positivamente o interese que esperta en estudantes de fóra de España, cun número crecente de matriculados estranxeiros, como se mencionou con anterioridade.

- Os resultados de moitas das teses de doutoramento en canto ao numero de publicacións científicas derivadas.
- A relevancia nacional e internacional de moitos dos equipos e grupos de investigación que participan nos estudos de doutoramento, e o gran número de colaboracións internacionais que teñen.
- A capacidade de captación de fondos e proxectos por parte de moitos dos equipos e grupos de investigación para desenvolver as súas liñas de investigación.
- As persoas titoras e directoras obteñen as puntuacións máis altas nas enquisas de satisfacción do estudiantado e das persoas egresadas.

Un dos aspectos máis criticados polos programas de doutoramento é o incremento progresivo do tempo que o profesorado dedica ás tarefas administrativas ou burocráticas.

3.4. En relación ás actuacións do Comité de Dirección do Doutoramento

Nos informes de avaliación da calidade non se recolleron comentarios sobre as comisións da EDIUS. En calquera caso, a Comisión de Calidade da EDIUS inclúe unha serie de recomendacións para mellorar a xestión dos trámites:

- As comisións académicas dos programas de doutoramento deberían extremar o coidado na revisión da documentación presentada, que posteriormente revisa a Comisión Executiva da EDIUS, para evitar demoras innecesarias nos procedementos. Así mesmo, tamén deberían aplicar con maior rigor os criterios de calidade existentes nos propios programas de doutoramento e na EDIUS.
- Detectouse un aumento considerable das consultas á EDIUS. Debería facilitarse unha información máis clara e precisa sobre as funcións das persoas titoras, directoras, a CAPD e a EDIUS tanto ao profesorado como ás CAPD.
- Mellorar a atención en inglés, tanto na páxina web, como en trámites presenciais e nos procedementos.
- A área de Calidade e mellora dos procedementos debería incluír na páxina web os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese involucrados nos estudos de doutoramento.
- A área de Calidade e mellora dos procedementos debería incluír na páxina web os resultados dos informes de acreditación e seguimento dos programas de doutoramento.
- A EDIUS insiste no escaso recoñecemento do traballo que os membros da CAPD veñen desenvolvendo para cumprir as funcións encomendadas. Do mesmo xeito, nos informes de avaliación para cumprir co SGC, os programas de doutoramento insisten no pouco recoñecemento dos coordinadores e membros das CAPD.
- A EDIUS incide no escaso orzamento que ten a propia EDIUS e os programas de doutoramento para poder levar a cabo as súas actividades.

4. Fontes de información

Este informe de avaliación da calidade do doutoramento elaborouse en base á información procedente das seguintes fontes:

- Informes de avaliación da calidade dos programas de doutoramento da USC
- Indicadores da área de calidade e mellora dos procedementos da USC

- Centro de datos e procesos da USC
- Normativa de estudos de doutorado
- Actas da Comisión de Calidade da EDIUS

5. Datos de aprobación

O informe de Calidade dos Estudos de Doutoramento e dos seus programas, correspondente ao curso 2020/21, aprobouse na reunión da Comisión da Calidade da EDIUS do 30 de xullo de 2024, celebrada por Microsoft Teams.

Anexo I: Descrición de indicadores

- **Oferta de prazas:** Número de prazas que oferta o programa de doutoramento (ID-01).
- **Demanda:** Número de solicitudes presentadas para acceder ao programa de doutoramento (ID-02).
- **Estudantes matriculados de novo ingreso:** Número de estudantes de novo ingreso nese curso académico (ID-03).
- **Matrícula de novo ingreso de estudantes por xénero:** Número de estudantes de novo ingreso homes e número de estudantes de novo ingreso mulleres.
- **Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster e o número de estudantes matriculados de novo ingreso unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-07).
- **Porcentaxe de estudantes novos estranxeiros sobre os novos matriculados:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso con mestrados de acceso doutras universidades e o número de estudantes matriculados de novo ingreso unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-08).
- **Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiriron complementos formativos:** Relación porcentual do número de estudantes de novo ingreso que precisan complementos formativos sobre o número de estudantes matriculados de novo ingreso, unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-13).
- **Matrícula total de estudantes:** Número total de estudantes matriculados en réxime de matrícula ordinaria (ID-06).
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso doutras universidades do SUG e o número de estudantes matriculados de novo ingreso (ID-10).
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros do EES:** Relación porcentual do número de estudantes estranxeiros do EEES sobre o número total de matriculados (ID-12).
- **Porcentaxe de estudantes a tempo completo:** Relación porcentual do número de estudantes a tempo completo sobre o número total de matriculados. Nota: Considéranse alumnos a tempo completo aqueles que teñan a mesma dedicación durante todo o curso académico (ID-14).
- **Porcentaxe de estudantes a tempo parcial:** Relación porcentual do número de estudantes a tempo parcial sobre o número total de matriculados. Nota: Considéranse alumnos a tempo parcial aqueles que teñen a mesma dedicación durante todo o curso académico (ID-15).
- **Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta:** Relación porcentual do número de estudantes con dedicación mixta sobre o número total de matriculados. Nota: Considéranse alumnos con dedicación mixta aqueles que alternan entre dedicación a tempo completo e parcial durante o mesmo curso académico (ID-16).
- **Porcentaxe de estudantes que realizan estadías de investigación (saíntes) autorizadas pola CAPD:** Relación porcentual do número de estudantes que realizan estadías de investigación sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-17).
- **Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes):** Relación porcentual do número de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-19).
- **Porcentaxe de estudantes con beca ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...):** Relación porcentual do número de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...) sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-21).
- **Profesorado que forma parte dos programas de doutoramento:** Número total do profesorado (titores/as) que forman parte dos programas de doutoramento.
- **Profesorado da USC que forma parte dos programas de doutoramento:** Número do profesorado (persoas titoras) pertencente o cadro da USC que forman parte dos programas de doutoramento.
- **Cociente persoa doutoranda/profesorado dos programas de doutoramento:** Número de estudantes de doutoramento fronte o número total de profesorado que forma parte dos programas de doutoramento.

- **Número total de sexenios do profesorado da USC:** Número total de sexenios (ID-25).
- **Número medio de sexenios por PDI da USC:** Número medio de sexenios por PDI (ID-26).
- **Porcentaxe de PDI da USC con sexenios:** Relación porcentual do número de PDI con sexenios sobre o número de PDI con opción a sexenios (ID-27).
- **Porcentaxe de PDI da USC con sexenios vivos:** Relación porcentual do número de PDI con sexenios vivos sobre o número de PDI con opción a sexenios (ID-28).
- **Directores/as de teses (nº).**
- **Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiras:** Relación porcentual do número de persoas directoras de tese estranxeiras sobre o número total de persoas directoras de tese (ID-29).
- **Porcentaxe de persoas expertas internacionais nos tribunais de tese:** Relación porcentual do número de membros estranxeiros dos tribunais sobre o número total de membros dos tribunais (ID-30).
- **Número de publicacións indexadas no ano do profesorado USC:** Número de publicacións indexadas no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de publicacións non indexadas no ano do profesorado USC:** Número de publicacións non indexadas no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos internacionais vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos internacionais activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos nacionais vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos nacionais activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos autonómicos vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos autonómicos activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de teses defendidas:** Número de teses defendidas (ID-31).
- **Porcentaxe de teses defendidas a tempo completo:** Relación porcentual do número de teses realizadas a tempo completo sobre o número total de teses defendidas. (ID-32).
- **Porcentaxe de teses defendidas a tempo parcial:** Relación porcentual do número de teses realizadas a tempo parcial sobre o número total de teses defendidas (ID-33).
- **Porcentaxe de teses realizadas con dedicación mixta:** Relación porcentual do número de teses realizadas con dedicación mixta sobre o número total de teses defendidas (ID-34).
- **Número de teses presentadas en galego:** Número de teses presentadas en galego (ID-35).
- **Número de teses presentadas en castelán:** Número de teses presentadas en castelán (ID-36).
- **Número de teses presentadas noutro idioma:** Número de teses presentadas noutro idioma (ID-37).
- **Duración media dos estudos a tempo completo:** Duración media (en anos) dos estudos a tempo completo (ID-38).
- **Duración media dos estudos a tempo parcial:** Duración media (en anos) dos estudos a tempo parcial (ID-39).
- **Porcentaxe de persoas doutorandas que defenden a súa tese sen pedir prórroga:** Relación porcentual do número de estudantes que defenden a tese sen prórroga sobre o número total de teses defendidas (ID-40).
- **Porcentaxe de teses coa cualificación de *cum laude*:** Relación porcentual do número de teses que acadan a cualificación de *cum laude* sobre o número total de teses defendidas (ID-43).
- **Teses con mención internacional:** Número de teses presentadas con mención internacional. Nos indicadores preséntase como relación porcentual do número de teses con mención internacional sobre o número total de teses defendidas (ID-44) .
- **Teses con mención de doutoramento industrial:** Número de teses presentadas con mención industrial.
- **Teses en cotutela:** Número de teses presentadas con mención cotutela.
- **Porcentaxe de abandono do programa:** Relación porcentual do número de estudantes que non se matricularon nin defenderon a tese no curso académico sobre o número total de estudantes matriculados no curso anterior, unha vez descontados o número de alumnos que defenderon a tese no curso académico e os alumnos que teñen concedida unha baixa temporal (ID-45).